concello Porto do Son

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

Regulamento Carrera Virtual 2020

A recaudación da inscrición destinarase a favor de entidades locais con proxectos solidarios destinados aos afectados pola COVID 19.

Que é unha carreira VIRTUAL?

É unha experiencia individual, que se comparte de forma colectiva. O procedemento é similar ao dunha carreira convencional, pero nesta ocasión descargas o teu dorsal na plataforma de inscrición. A carreira celébrase durante un período de tempo, neste caso entre o 19 e o 20 de decembro, durante ese prazo o participante deberá completar o percorrido elixido no seu pobo, cidade, etc... Unha vez finalizado o percorrido pode compartir o tempo realizado, así, como unha foto co dorsal, nas redes sociais da carreira (Instagram, Twitter e Facebook).

Prazo para realizar a carreira:

Desde as 8:00 h do Sábado 19 de Decembro, ata as 23:00 h do Domingo 20 de Decembro de 2020. Atención, porque fóra dese prazo non será posible compartir resultados no evento aínda que a carreira realizouse dentro do prazo establecido.

Percorrido e distancia:

Opcións de distancias: 10km, 5Km, 3km e 1km.

Cada participante, xa sexa adult@ ou nen@ poderá elixir o seu propio percorrido por onde realizar a proba no seu lugar de residencia, buscando o percorrido e distancia seleccionada, que estará dentro dos límites que estableza o Goberno competente con motivo da prevención Covid19. Así mesmo, rógase ter especial coidado coa distancia de seguridade recomendada por Sanidade.

Inscricións:

Serán a partir do 20 de Novembro 2020. A cota de inscrición será de 5 €, e pódese formalizar na web www.emesports.es, admitiranse inscricións ata o venres 18 de Decembro as 23:00h.

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

-Cada corredor terá que descargar a aplicación RTS Virtual no seu smartphone, no momento da inscrición, recibirá no seu correo electrónico un código co que accederá ós servizos da aplicación así como un dorsal personalizado.

¿Cómo funciona a aplicación?

ENTRENAMENTO VS CARREIRA

Ata o 19 de decembro de 2020 ás 8:00 podes probar o funcionamento da APP tantas veces como queiras.
<u>Non contarán na clasificación definitiva.</u>
Só poderás realizar unha vez a carreira entre o 19 de decembro de 2020 ás 8:00h. e o 20 de decembro de 2020 ás 23:00h.
A esa hora, a túa carreira deberá estar finalizada.

Antes de realizar o entrenamento ou a carreira, solicitarémosche a distancia que vas a realizar. No momento que acades a distancia, o tempo pararase automáticamente e se publicarán os datos. Sorte e disfruta!!!

-Cada corredor participará baixo a súa enteira responsabilidade, afirma posuír un nivel de condición física suficiente para afrontar a proba e comprométese a aceptar estritamente este regulamento.
Os participantes, polo feito de inscribirse libre e voluntariamente, declaran coñecer e aceptar plenamente o presente Regulamento. En caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, prevalecerá o que dispoña para o efecto a organización.

Polo só feito de inscribirse, o participante declara que: "Atópome en estado de saúde óptimo para participar na Carreira Sin Son 10K Virtual e solidaria 2020. Ademáis, eximo de toda responsabilidade á organización, patrocinadores ou outras institucións participantes ante calquera accidente ou lesión que puidese sufrir antes, durante e/ou despois do evento deportivo, renunciando desde xa a calquera acción legal en contra de calquera das devanditas entidades.

Durante o desenvolvemento da proba contribuirei no posible coa organización, para evitar accidentes persoais. De maneira exclusiva, autorizo ademáis a que a organización faga uso publicitario de fotos, vídeos e nome , nos medios de comunicación e/ou Internet, sen esperar pago, compensación ou retribución algunha por este concepto, con carácter atemporal.